

Presentación

O libro *Amaras de tinta. Emigración transoceánica e escrita popular na Península Ibérica, séculos XIX-XX*, editado polo Consello da Cultura Galega e coordinado por Xosé M. Núñez Seixas e Domingo L. González Lopo, reúne oito relatorios —presentados á IV Xuntanza da Rede de Arquivos e Investigadores da Escrita Popular, realizada en Santiago de Compostela— doutros tantos especialistas que veñen a subliñar a importancia das fontes epistolares para un mellor desenvolvemento dos estudos migratorios. Trátase da continuidade dunha liña de traballo aberta en 2001 coa publicación *De América para a casa: correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai (1916-1969)*, de Raúl Soutelo Vázquez. Logo daquela iniciativa chega agora unha primeira análise, no ámbito ibérico, das fontes e documentos persoais como punto de partida para o enfoque microsociaL das migracións, sen esquecer os desafíos, metodolóxico e teórico, que comportan.

Velaí as cartas, fráxiles amarras de papel e tinta, capaces de salvar a distancia, preservando palabras, vivencias e memorias en loita contra o tempo. Testemuños de seres, nomeados ou non, que ninguén recorda xa, contributo dun pobo, en boa parte ágrafo naquela altura, que proxectou esforzos e soños, non poucas veces rotos, ao outro lado do mar maior.

Coñecida é a importancia da emigración no devir da historia contemporánea de Galicia, o seu papel determinante e persistente na configuración do país e da súa identidade colectiva. Unha epopea que está a ser obxecto de novos e renovados estudos imprescindibles para “conservar a memoria viva da emigración galega a través da recuperación do seu patrimonio cultural”. Esa é, por certo, a primeira finalidade do noso Arquivo da Emigración Galega, creado en 1992, e a ela vén a sumarse agora esta publicación subliñando a importancia do rescate da memoria persoal e familiar, que fai parte da memoria social, da lembranza colectiva.

Entre outras moitas achegas o fenómeno social da emigración galega legounos unha abondosa e interesante produción epistolar, obxecto agora de recuperación, análise e estudo por parte dos historiadores, que procuran a obxectividade do relato mesmo partindo de narrativas subxectivas. Neste caso analizan os documentos persoais, as confesións e as confidencias epistolares, unha fonte máis que considerar entre as que han permitir un relato máis preciso e ricaz sobre esa inmensa e duradeira contribución de esforzos individuais, familiares e colectivos que representou a emigración galega. O reflexo desa pegada debuxado, liña a liña, traballosamente, polos protagonistas decididos a redactar acta persoal de trasterradas e galaicas memorias e esperanzas.

De todo iso trata o libro que agora presentamos e que vén a ser unha chamada de atención, un paso máis na incorporación desas fontes persoais aos estudos migratorios. Un contributo que, con certeza, ha ser seguido doutras investigacións, ás que non será alleo o Arquivo da Emigración Galega —partícipe desde a súa fundación na Rede de Arquivos e Investigadores da Escrita Popular— nin o Consello da Cultura Galega, que o acolle.

Desde esa convicción e desde o compromiso co desenvolvemento dos estudos sobre o fenómeno migratorio, saudamos a aparición destas *Amarras de tinta* e a súa contribución ao coñecemento das mentalidades dos emigrantes galegos e da epea que protagonizaron no continente americano.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega